



CURSO DE INICIACIÓN Á MÚSICA

O Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa organiza o **Curso de Iniciación á Música 2024-2025** destinado, principalmente, a nenos e nenas que cumpran 8 anos no 2025, isto é nados no ano 2017. O curso terá **unha hora** de duración semanal, os **martes de 18:00 a 19:00** horas dende **outubro de 2024 a maio de 2025**

A persoa encargada de coordinar o proxecto será a profesora de violonchelo do Conservatorio **Susana Blanco Novoa**, Titulada Superior de Violonchelo polo Conservatorio Superior de Música de Vigo e Doutora en Educación.

Susana Blanco contará ao longo do curso académico coa colaboración do Claustro de Profesores do Conservatorio, todos eles titulados nas diferentes especialidades instrumentais que se imparten no centro e que farán posible que os nenos e nenas asistentes a este curso poidan ter un achegamento real aos diferentes instrumentos, probando, tocando, vendo e escoitando.

A finalidade deste curso é que o alumnado que asista ao mesmo adquira **coñecementos básicos dun xeito lúdico e participativo a través da experimentación e do xogo, e poidamos sentar unhas bases correctas cara o ensino da música** que posteriormente pode cursar, ben sexa no Conservatorio, mediante as ensinanzas regradas conducentes a titulación oficial, ou noutros centros de ensino. Estas cuestións básicas son a adquisición correcta, precisa e divertida de contidos fundamentais coma o pulso e o ritmo, ao tempo que imos insistir en facer unha exposición moi clara e participativa de todas as especialidades instrumentais que se imparten no centro para que a elección da especialidade instrumental sexa o máis correcta posible, adaptada sempre as condicións e aptitudes do alumnado e baseada en experiencias prácticas previas.



MATRICULACIÓN DO ALUMNADO

A matriculación do alumnado realizarase ONLINE ou presencial segundo se especifica a continuación.

O alumnado deberá ter como mínimo 7 anos de idade cumpridos no 2024.

Documentación:

Poderase descargar na Web do CMUS <https://www.edu.xunta.gal/centros/cmusprofesionalvilagarcia/> e remitila por correo electrónico ao enderezo secretaria@cmusvilagarcia.gal

- **Impreso de Solicitud de Matrícula** no Curso de Iniciación á Música 2024-25 debidamente cumprimentado.

Unha vez cuberto o impreso, pregamos garden o arquivo co nome do/a alumno/a e se é posible o asinen dixitalmente.

- Copia do DNI do/a alumno/a ou a folla do Libro de Familia na que figure o/a mesmo/a, ben escaneado ou como imaxe.

Nota: No caso de que teñan algún tipo de dificultade para realizar a matrícula online poderán facela de forma presencial nas oficinas do Conservatorio. Pregamos contacten con nos no teléfono 986 500 916.

Pagamento das Taxas

- Unha vez recibida a solicitude de matrícula o Conservatorio Profesional de Música remitirá por correo electrónico a cada solicitante o documento de liquidación das taxas no Curso de Iniciación a Música polo importe anual de 82,65 € para todo o curso 2024-2025.